



Descubre e aprende

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

CURSO 2022-23

CEIP PLURILINGÜE DE LEIRADO (Salvaterra de Miño)

INTRODUCCIÓN

Neste curso 2022-23 centrámonos en desenvolver algunha das liñas de traballo do actual Proxecto Lector de Centro:

- *Engadir actuacións que desenvolvan tamén as alfabetizacións múltiples e habilidades informacionais que demanda a sociedade actual.*
- *Sistematizar o traballo cotiá nas aulas no proceso de adquisición da lectura e da escritura, incidindo na comprensión, expresión e creación.*
- *Resaltar a importancia da Competencia en Comunicación Lingüística en todas as competencias e en todas as materias.*

Entre os obxectivos plantexados temos:

- *Deseñar dende a Biblioteca, conxuntamente cos demais equipos docentes, proxectos e tarefas onde o alumnado deba realizar investigacións e comunicar creando contidos en diversos formatos.*
- *Formar ao alumnado no uso das novas tecnoloxías da comunicación e da información, proporcionando oportunidades de lectura en soporte dixital e de uso de ferramentas dixitais axeitadas á súa idade.*
- *Incluír na programación de todos os niveis e materias actividades prácticas de comprensión lectora e de composición de textos abarcando todas as tipoloxías textuais, tamén actividades de expresión oral, utilizando os recursos da Biblioteca.*

Por outro lado, a experiencia dos pasados cursos en que fomos avanzando no traballo con proxectos e tarefas integradas foi moi satisfactoria en canto a motivación do alumnado e profesorado. O “aprender facendo”, avaliando o que facemos e como o facemos, é un modelo centrado nas competencias clave e no desempeño do alumnado, no que nos seguimos formando no noso PFPP, xunto coa implementación da aprendizaxe cooperativa.

Tamén vemos necesario fomentar no alumnado e comunidade educativa intereses de tipo cultural fronte á presión social doutro tipo de intereses que consideramos menos educativos.

Por todas estas razóns plantexamos un novo proxecto documental integrado, esta vez baseado no mar, que titulamos ***Mergúllate con nós, descubre e aprende.***

Redactamos os seguintes obxectivos xerais do proxecto:

- Adquirir e ampliar coñecementos relacionados cos ecosistemas naturais e as súas paisaxes.
- Concienciar sobre a responsabilidade ecosocial. Transformación e degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza.
- Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e conductas en favor da sustentabilidade.
- Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.
- Participar en experimentos guiados, de xeito individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de xeito sinxelo.
- Acadar aquelas aprendizaxes relacionadas cos aspectos traballados.
- Coñecer profesións vinculadas co mar e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, dende unha perspectiva de xénero: similitudes, diferencias e ferramentas.
- Reproducir, crear composicións creativas: escultura, pintura, música, literatura, cine...
- Compartir os coñecementos e aprendizaxes adquiridas coa comunidade.

O desenvolvemento de todas competencias a través das tarefas e actividades:

COMPETENCIAS	
CCL-CP	A través dos procesos de traballo con textos de tipoloxía diversa, lecturas, conversas, creación escrita e oral...
CPSAA	Desenvolvendo estratexias para seleccionar a información, interpretala, e comunicala de diversos xeitos, aportando creatividade, con actitudes éticas e responsables.
CCEC	Valorando aportacións de persoas expertas da nosa comunidade ou fóra dela. Desenvolvendo unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente.
STEM	Interpretando e calculando datos e gráficas, utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía...
CE	Deseñando e levando adiante ideas e proxectos propios.

CD	Utilizando dispositivos tecnolóxicos para informarse e para comunicar, realización de produtos dixitais como presentacións, infografías, podcast, vídeos...
CC	Desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030. Traballando en equipo.

En todos os niveis o proxecto abarca moitos contidos de distintas áreas: educación artística (pintura, escultura, teatro, fotografía, cine, grafitti...), ciencias sociais (historia da navegación, tipos de embarcacións, situación dos mares e océanos...), ciencias da natureza (flora e a fauna mariña, ecosistemas mariños, contaminación dos océanos...), matemáticas (unidades e instrumentos de medida, formas e corpos xeométricos, liñas, escalas, concepto de volume...), linguas e literatura (diferentes tipoloxías textuais e as súas funcións: texto expositivo, informativo, conto, entrevista, noticia, poesía, teatro... e vocabulario temático).

Deseñáronse tarefas integradas en todas as titorías, e dentro delas as actividades necesarias para chegar a un produto final. Como sempre ocorre, os intereses xerados no desenvolvemento fixo que xurdiran outras actividades nas titorías, aula de música e aula de inglés.

Integráronse no proxecto os obxectivos do equipo de Biblioteca, TIC, EDLG e Actividades Complementarias, mantendo reunións conxuntas de coordinadoras con xefatura de estudos e dirección unha vez ao mes. O profesorado de cada nivel ou materia buscou e seleccionou os estándares avaliábles ou criterios de avaliación para cada tarefa e os instrumentos de avaliación a aplicar.

No proxecto participou todo o profesorado e alumnado do centro.

OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

A temática xeral foi o mar, o seu concepto, a flora e fauna mariñas, a contaminación, a sobrepesca, as profesións relacionadas co mar, os produtos do mar, experimentos coa auga, as diferentes disciplinas artísticas e as súas producións (escultura, pintura, música, literatura, teatro de monicreques, mitoloxía, fotografía...)... Os dous bloques aos que fai referencia o título enmarcan as actitudes que queremos fomentar:

DESCUBRE	Actitude de atención, observación, curiosidade, goce e asombro.
APRENDE	Reflexión, lectura crítica, opinión, investigación, conversación.
CREAR	Creatividade, produción propia, iniciativa, autoconfianza.

Comezamos deseñando un proxecto mínimo viable dende a Biblioteca, que presentamos e modificamos na reunión de coordinadoras. Quedou así:

Temporalización	Contidos	Tarefas	Actividades	Produtos
Primeiros 15 días de Outubro	Introdución. Motivación.	Mensaxe dentro dunha botella dirixida a cada curso.	Investigar sobre o que propón a mensaxe.	Esquema, mapa conceptual... Para marcar os contidos que traballará cada curso.
Outubro, novembro e decembro	- Contaminación: sobrepesca, acidez dos océanos... - Ecosistemas: flora e fauna. - Instrumentos de navegación, tipos de embarcacións.. - Ciencias físicas: tsunamis, ciclo da auga, as mareas e a lúa... - Tradicións relacionadas co mar.	Coñecer o tema elixido: investigación tendo en conta os temas que imos a tratar.	Preparamos as nosas investigacións e os recursos que se empregarán. Danzas, tradicións, contos, lendas, cancións relacionadas co mar...	Exposición oral ao resto do centro utilizando recursos diversos empregados no traballo de investigación: paneis explicativos, exposicións dixitais, maquetas... Festival : actuacións relacionadas con tradicións mariñeiras.
Segundo trimestre	- Gastronomía. - Alimentación. - Profesións. - Deportes acuáticos. - Ocio e viaxes. - Grandes expedicións mariñas. - O mar e a ciencia: experimentos, salinidade, densidade da auga...	-Cociñar distintos produtos do mar. - Estudo e práctica dun deporte acuático: piragüismo, Kayak... - Realización dun experimento.	- Investigar os alimentos procedentes do mar e as súas características. - Hábitos alimentarios. - Coñecer distintas profesións: marisqueo, acuicultura, bioloxía mariña, oceanografía... -Busca dunha ruta turística mariña.	- Receitas con produtos do mar. - Caderno de profesións mariñas. - Guías de rutas mariñas . - Experimentos realizados nun vídeo explicativo (videotutorial) . - Exposición de traballos .

Terceiro trimestre	A cultura do mar: literatura, mitoloxía, escultura, pintura, cine, música... Obxectivos da axenda 2030 desenvolvemento sustentable: conservar e utilizar sosteniblemente os océanos, os mares e os recursos mariños...	Escultura colectiva: creación dunha obra colectiva amosando residuos sólidos mariños.	Recitados, contos, lendas... Somos artistas: elaboración de cadros, esculturas, música, con son acuáticos... Somos críticos de cine: Análise e opinión individual ou colectiva sobre obras audiovisuais...	- Festival. - Podcast. - Programas de radio. - Crítica cinematográfica. - Artigos para a revista. - Escultura colectiva. - Preparación de postos informativos para o evento final.
Todo o curso	Música, danza, literatura, teatro, fotografía... de xeito transversal. Charlas con expertos a través de distintos medios. Charlas con algunha familia vinculada a profesións mariñas.	Facemos arte para os demais.	Ler, escoitar, escribir, programar, ensaiar...	Cancións, recitados, lecturas, radio, contos dramatizacións...
Datas conmemorativas a relacionar co proxecto	<u>3 de decembro:</u> Día Internacional das persoas con discapacidade: accesibilidade ás praias, deportes acuáticos paralímpicos, xente con discapacidade vinculada ao mar (investigadores, deportistas...) <u>11 de febreiro:</u> Día da nena e a muller na ciencia: Investigadoras mariñas e outras profesións. <u>5 e 8 de xuño :</u> Día Mundial do Medio ambiente e Día Mundial dos Océanos. <u>Biblioteca:</u> 24 de outubro (Día Internacional das Bibliotecas) e 23 de abril (Día Internacional do Libro). <u>Complementarias e EDLG:</u> Magosto e Samaín (28 de outubro), Nadal (22 de decembro), Entroido (17 de febreiro).	Escultura colectiva. Experimentos. Festivais.	Investigar, escoitar, escribir, programar, ensaiar, contar...	Escultura colectiva. Cancións, recitados, contos dramatizacións...

	<u>EDLG</u> : 1 de abril (Día das Artes Galegas) e Día das Letras Galegas (17 de maio).			
XUÑO	PREPARACIÓN DA EXPOSICIÓN FINAL E APERTURA AO PÚBLICO			
Saídas relacionadas: saída á Illa de Arousa e práctica dunha actividade deportiva (kaiak).				

PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

As liñas básicas anteriormente descritas foron as que se incluíron na Programación Xeral Anual.

Posteriormente nas reunións co resto do profesorado engadíronse outras ideas, modificando, ampliando e enriquecendo este deseño básico, por exemplo coa integración do Entroido, que deu lugar a outra tarefa.

Acordamos solicitar visita a illa de Arousa e realizar visitas e practicar deportes relacionados co proxecto.

Na comisión de Biblioteca no Consello Escolar propuxemos buscar posibles expertos que puidesen vir ao centro, a falar e conversar co alumnado do seu traballo e as súa experiencias.

O equipo TIC abriu un blog para as comunicacións do proxecto dende as aulas e onde o alumnado puidese tamén ver e ler os traballos que se ían facendo. Contamos ademais coa revista e emisora escolar, canles habituais na escola que coordina o EDLG.

Seleccionamos libros da nosa Biblioteca e recursos web.

Así chegamos ao deseño completo do proxecto. Só quedaba darllo a coñecer ao alumnado e poñer en marcha o motor da motivación, dado que neste caso non xurdiu do seu interese senón do noso. Preparamos un vídeo promocional do proxecto para visualizar co alumnado, e dar a coñecer a idea tamén a toda a comunidade a través dos blogs e redes sociais. Logo enviamos unha mensaxe dentro dunha botella de Pacho que deixou na biblioteca. É a “primeira misión”. E comezamos.



DOCUMENTACIÓN ELABORADA

- Plantilla básica para programación das tarefas integradas.
- Formulario de avaliación do desenvolvemento.
- Selección de recursos web nun taboleiro de Symbaloo.
- Selección de libros.
- Cartas da mascota da Biblioteca.
- Murais coa información dos traballos.
- Elaboración de textos instrutivos para os obradoiros.
- Carteis das exposicións.
- Libro de receitas onde se recolle a elaboración de cada curso.
- Guías e instrucións para as realizacións plásticas.
- Tarxetas para a actividade da exposición.
- Información sobre códigos QR.

TAREFAS REALIZADAS

Estas foron as tarefas e actividades realizadas finalmente polo alumnado:

Mural de ideas previas.	Lectura dunha mensaxe nunha botella e un vídeo que deixa a mascota da biblioteca despertando a curiosidade dos alumnos/as a investigar sobre tema.
Día internacional das persoas con discapacidade. Un mar de Capacidades	Entre todos os cursos construímos un barco no que destacamos todos os beneficios do mar para todas as persoas con capacidades diferentes e que conseguiron grandes logros grazas a este medio.
Tarefa integrada: Exposicións mostrando o investigado sobre o proxecto. Exposicións	O mar e diferentes especies (E. Infantil). O ciclo da auga (1º). As cicatrices da costa (2º). As embarcacións(3º). Historia da evolución dos barcos (4º).

	Os faros (5º). Contaminación de mares e océanos (6º).
Croma “fenómenos mariños”.	Os alumnos e alumnas de 4º fixeron un vídeo para explicarnos algúns fenómenos mariños como os tsunamis e maremotos. Croma
Mural colectivo “un océano de paz” (Día da Paz).	Elaboración dun mural elaborado por todo o alumnado onde cada un escribe unha mensaxe de paz dentro dunha botella e que colocan no océano para compartir con todos e todas.
Mulleres galegas e o mar (8 de marzo).	Elaboración dun mural sobre mulleres galegas relacionadas co mar (oceanógrafas, percebeiras, redeiras...). Mulleres Galegas
Entroido: disfraces mariños. Disfraces	Elaboración do disfraz con temática relacionada co proxecto (tartarugas, polbos, cangrexos, profesións ...)
Tarefa integrada: Día internacional da muller e a nena na ciencia. Experimentamos: Experimentos	4º Inf. “O mar nunha botella” 5º e 6º Inf. “ Experimento de absorción” 1º “Como se forma a néboa?” 2º “ O debuxo máxico” 3º “ A flotación” 4º “ Os tsunamis” 5º “ A conductividade da auga” 6º “ Estados da auga”
Visita mariño mercante (Coñecendo expertos).	Visitounos o pai dun alumno que é mariño mercante e contounos moitas cousas sobre a súa profesión e as súas viaxes e aprendemos sobre o mar e as embarcacións. Mariño mercante
Visita de Filipa da Silva (peixeira).	Con motivo da conmemoración do día internacional da muller, aprendemos

	máis sobre os traballos relacionados co mar que desempeñan as mulleres da nosa contorna. Filipa falounos do seu traballo na praza do mercado e como é o seu día a día .Ademais aprendemos sobre diferentes tipos de peixes. <u>Muller e o mar.</u>
Tarefa integrada: Receitas mariñeiras.	Cada curso elaborou unha receita con produtos do mar (Paté de mexillóns, polbo, chocos...) Fixeron unha lista para ir a compra ao supermercado máis próximo e cociñaron. Degustación das receitas por ciclos. Elaboración dun libro que recolle tódalas receitas. <u>Cociña</u>
Obradoiros mariñeiros.	Obradoiros relacionados co proxecto durante os recreos na biblioteca: nós mariñeiros, papiroflexia de peixes, caranguexos e diferentes tipos de barcos, animais mariños feitos con pinzas e materiais de refugallo... <u>Obradoiros Biblioteca</u>
Semana das bibliotecas.	Elaboramos unha xincana con diferentes preguntas por ciclo para a formación de usuarios co fin de aprender a desenvolvernos na nosa biblioteca. <u>Actividades</u>
Xogo “ Tres en raia” en 3D.	Dende a biblioteca creativa elaboraron un tres en raia mediante a elaboración de fichas de animais na impresora 3D (baleas, barcos e temón e ancora). <u>Tres en raia</u>
Radio escolar “ As Lérias de Leirado”.	Elaboración de programas e podcast relacionados co proxecto e

	conmemoracións (día das artes galegas) Radio escolar Martín Codax
Conmemoración do día mundial do mar e os océanos.	Visionado de diferentes vídeos en todos os cursos de documentais relacionados co tema. Elaboración dun mural sobre un océano e a contaminación. Día Mundial dos océanos
Letras Galegas: Festival	Todo o centro prepara actuacións: teatro, cancións, bailes, recitados...
Tarefa integrada: Arte mariña	Pinturas, esculturas, fotografía, mitoloxía, grafitti... Investigación
Escultura colectiva.	Con materiais de refugallo que encontramos nas praias, mar...
Outros traballos na revista escolar.	Contos nos cadros, curiosidades, crítica de arte...
Traballos de preparación para a apertura da exposición.	Preparación dos diferentes postos e a elaboración das invitacións personalizadas, tarxetas de guía, códigos QR e organización da exposición (todos os niveis).
Visita guiada	Explicación aos visitantes (todos os niveis) sobre os traballos realizados. Exposición final

RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Utilizáronse materiais plásticos moi diversos para a realización das maquetas, esculturas e pinturas: algúns de refugallo, outros adquiridos (arxila, pauciños, arame,...) e outros os que se usan habitualmente na escola. Utilizáronse tamén instrumentos de medida e debuxo, corpos e figuras xeométricas. O expositores

metálicos con rodas e cabaletes facilitaron desprazar a información ao lugar desexado.



Os recursos dixitais empregados foron: ordenadores da Biblioteca e das aulas, paneis dixitais, fondo para croma, tablets, cámara fotográfica, micrófonos e gravadora.

Utilizáronse os recursos de información na web , máis os que figuran na bibliografía da revista escolar e nas presentacións dixitais. Ademais os libros da nosa Biblioteca:

- *Myriam Mieres. Océanos (mundo pop-up). Ed. Susaeta.*
- *Sabrina Weiss. Exploradores del océano. Ed. Vicens Vices.*
- *Sam falconer. La vida del agua. Ed. Galaxia.*
- *Rena ortega. Ballenas. Ed. Mosquito Books.*
- *Teresa Broseta Fandos. Los animales del mar. Ed. Algar.*
- *Ana Delgado. Océanos y mares del mundo. Ed. Susaeta.*
- *Plass Maya. Guía de la costa. Ed. SM.*
- *Mariola Cortés Cros. ¡Hola faro! Ed. Susaeta.*
- *Julia Rothman. La vida en el océano. Ed. Errata naturae.*
- *Pere Rovira. Busca los animales acuáticos. Ed. Kalandraka*

Traballamos tamén con libros de ciencias e artes facendo lectura nas aulas e coas familias, para pensar, conversar ou crear con eles.



IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o profesorado foi partícipe dalgún modo deste proxecto, traballando co alumnado, apoiando, organizando, etc., tamén as dúas coidadoras colaborando coa inclusión do alumnado con NEE nas tarefas. A dirección do centro organizando a saída e o evento final, contactando coa prensa, xestionando co Concello axudas e coordinando coa ANPA as actividades previstas. As familias implicáronse co proxecto participando nas propostas que se lle fixeron, e acudiron a visitar a exposición **Mergúllate con nós** amosando interese e escoitando ao alumnado.

Elaborouse un vídeo co resumo desta xornada e recollendo todo o traballo do alumnado.

DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos publicáronse no blog do proxecto durante o curso. Foise dando conta do seu desenvolvemento a través do blog, facebook e blog da Biblioteca e na web do centro.

Listaxe de cotexo para a presentación		
PRESENTACIÓN DIXITAL	SI	NON
O texto é claro e <u>comprendese</u> .		
Utilizo <u>maiúsculas</u> e signos de puntuación.		
A <u>imaxe</u> ou <u>imaxes</u> seleccionadas <u>teñen relación</u> co texto e aportan información.		
A información está completa e corresponde <u>ao</u> acordado no equipo.		

O alumnado elaborou as invitacións para as familias e autoridades onde se incluía o horario de apertura da exposición final e algunhas instrucións para a visita. Distribuíronse tamén por localidades próximas.

Blog do proxecto: <https://mergullateconnos.blogspot.com/>

O proxecto no Blog da Biblioteca: <https://abibliodeleirado.blogspot.com/>

AVALIACIÓN REALIZADA

O profesorado avaliou o grao de consecución dos obxectivos xerais do proxecto e máis o desenvolvemento do mesmo a través das distintas reunións e postas en común das coordinadoras de equipos e das reunións e posta en común de coordinadoras e resto do profesorado.

Nas propostas de mellora destaca a importancia de respectar as temporalizacións programadas, do contrario é difícil rematar as tarefas con éxito, e de definir estruturas cooperativas para o traballo coas TIC. Tamén se destaca que a medida que avanza o proxecto xorden novas ideas e intereses que ás veces non da tempo de levar a cabo.

Para avaliar ao alumnado tivemos en conta os estándares ou criterios de avaliación seleccionados previamente e utilizamos diferentes instrumentos de avaliación das súas producións: observación no desenvolvemento, rúbricas e listaxes de cotexo (algúns de elaboración propia, outros recollidos na rede).

EXPOSICIÓN ORAL: ARTE MARÍNA				
Nome do alumno/a: _____				
CATEGORÍA	1 Excelente	2 Boa	3 Regular	4 Mala
Fala	Fala con ritmo, avelado e con gran claridade.	A maioría do tempo, fala con ritmo avelado e con claridade.	Algúns veces fala lento, pero cando se anima e se lle entende mal.	Fala demasiado rápido e cando erros de pronunciación.
Comprensión	O alumno responde con precisión todas as preguntas planteadas sobre o tema pola súa comprensión de clase.	O alumno responde ben a maioría das preguntas planteadas sobre o tema pola súa comprensión de clase.	O alumno a quen de responder algunhas das preguntas planteadas sobre o tema pola súa comprensión de clase.	O alumno non é quen de responder algunhas das preguntas planteadas sobre o tema pola súa comprensión de clase.
Postura corporal e contacto visual	A hora de falar a postura e os gestos son ben adecuados. Míra a todos os compañeiros con total naturalidade.	A maioría do tempo, a postura e os gestos son adecuados. Míra a todos os compañeiros con total naturalidade.	Algúns veces mantén a postura e os gestos adecuados, pero outras non. En posición, mira aos seus compañeiros.	Non ten ben a postura e o resto pouco durante a exposición oral e a maioría das veces, non mira aos seus compañeiros.
Conteúdo	Mostrase moi seguro e demostra un completo entendemento do tema.	Mostrase seguro e demostra un bo entendemento do tema.	Mostrase algo seguro e demostra un bo entendemento de algunhas partes do tema.	Mostrase moi inseguro e non parece entender nada ben o tema.

Rúbrica do guión teatral				
CATEGORÍA	4	3	2	1
ORGANIZACIÓN	o guión está ben organizado, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	o guión está ben organizado, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	o guión está ben organizado, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	o guión está ben organizado, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.
DIALOGO	Non hai diálogo, o diálogo está ben escrito e a estrutura é clara.	Non hai diálogo, o diálogo está ben escrito e a estrutura é clara.	Non hai diálogo, o diálogo está ben escrito e a estrutura é clara.	Non hai diálogo, o diálogo está ben escrito e a estrutura é clara.
ORTOGRAFÍA E PUNTUACIÓN	Non hai erros de ortografía e de puntuación, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	Non hai erros de ortografía e de puntuación, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	Non hai erros de ortografía e de puntuación, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	Non hai erros de ortografía e de puntuación, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.
APORTACIÓN AO TRABALO	Proporcionamos sempre ideas novas e creativas, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	Proporcionamos sempre ideas novas e creativas, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	Proporcionamos sempre ideas novas e creativas, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.	Proporcionamos sempre ideas novas e creativas, o texto está ben escrito e a estrutura é clara.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUNHA OBRA DE ARTE: PINTURA				
RÚBRICA	4-SOBRESALENTE	3-NOTABLE	2-APROBADO	1-INSUFICIENTE
INFORMACIÓN PREVIA	Información suficiente sobre a obra de arte.	Información suficiente sobre a obra de arte.	Información suficiente sobre a obra de arte.	Pouca información sobre a obra de arte.
OBRA DE ARTE	Obra creativa e de alta calidade artística.	Obra creativa e de alta calidade artística.	Obra creativa e de alta calidade artística.	Obra pouco creativa e de baixa calidade artística.
TÍTULO	É moi adecuada e creativa.	É adecuada e creativa.	É adecuada e creativa.	Non é adecuada e creativa.
TRABALO EN EQUIPO	O equipo traballou ben e todos os membros participaron e se esforzaron activamente.	O equipo traballou ben e todos os membros participaron e se esforzaron activamente.	O equipo traballou ben e todos os membros participaron e se esforzaron activamente.	O equipo traballou ben e todos os membros participaron e se esforzaron activamente.

OS FAROS

PROXECTO "MERGÚLLATE CON NÓS" (1º trimestre)

ACTIVIDADE 1:
"Chuvia de ideas"

Chuvia de ideas para ver que queremos aprender e que produtos finais nos gustaría elaborar.

Exercicio: lingua, repaso do 1º diacrítico á/e, máis/máis.

ACTIVIDADE 2:
"Búsqueda de información"

Investigamos sobre os faros usando diferentes fontes: vídeos, páxinas web, libros de consulta.

ACTIVIDADE 3:
"Tratamento de información"

Elaboración dun mural dixital con Padlet para recoller e información que atopamos, sintetizamos e organizamos.

Exercicio: lingua, os signos de puntuación.

ACTIVIDADE 4:
"Construción da maqueta dun faro"

Acordamos entre todos/as os deseño e os materiais. Organizámonos para colaborar todos/as na súa construción.

ACTIVIDADE 5:
"Creación dun conto de terror ambientado nun faro"

Exercicio: expresión escrita, a estrutura dun conto.

ACTIVIDADE 6:
"Mapa para situar algúns faros relevantes"

Situamos no mapa algún dos faros máis destacados, dos que apareceron na nosa investigación.

ACTIVIDADE 7:
"Elaboración dunha gráfica comparativa entre diferentes faros"

Representar nunha gráfica de barras os doce faros máis altos do mundo.

Exercicio: matemáticas, as gráficas de barras.

ACTIVIDADE 8:
"Exposición final"

Reparto de información, preparación de tarxetas para usar de guión, ensaio na biblioteca, presentación de tarxetas ao resto de cursos e ao profesorado do centro.

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS AVALIACIÓN	COMPETENCIA
Ideas previas.	CA2.1. Utilizar de xeito efectivo a lingua oral escollida con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel-OBX3. CA2.4. Participar en interacción oral espontánea ou regulada, incorporando actitudes atenciosas de escucha activa, de coesión lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso-OBX3.	OCL, CP4, STEM, CC, CC
Búsqueda de información.	CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoables sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación-OBX 1. CA1.2. Buscar, seleccionar e contrastar información de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo lexico científico básico e utilizándoo en investigacións relacionadas co medio natural-OBX 1.	OCL, STEM, CC, CC
Elección e realización do experimento.	CA1.3. Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelado, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, resistindo correctamente as observacións e medicións realizadas-OBX 1. CA1.4. Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos-OBX 1. CA2.3. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos-OBX 3.	OCL, STEM, CC, CC STEM, CC, CC, CCOC
Tratamento da información.	CA4.5. Comunicar o deseño dun produto final, adaptando e mantendo o formato a audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos-OBX 5.	STEM, CC, OPSAA, CC, CCOC
	CA4.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, realizando e creando cordos dixitais anuais-OBX 3.	OCL, CP, STEM, CC, CCOC OCL, CP, STEM, CC, CC, CC OCL, CC, OPSAA, CC, CC OCL, STEM, CC, CC, CCOC

TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO E ATRIBUCIÓN COOPERATIVA	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Búsqueda de información.	Aula ordinaria de clase. Biblioteca do centro.	Equipo de traballo. Estrutura cooperativa de 4-6 membros para documentos con texto. Estrutura cooperativa de 2-3 membros para o material de vídeo.	2 sesións de 50 minutos.	Guía de observación.
Reunión en común por equipos base e grupo-clase.	Aula ordinaria de clase. Biblioteca do centro.	Equipo de traballo. Estrutura cooperativa 4-6-8. Estrutura cooperativa mínima iguala número.	2 sesións de 50 minutos.	Lista de cotejo.
Ingredientes e utensilios.	Aula ordinaria de clase. Biblioteca do centro.	Equipo de traballo. Estrutura cooperativa de 4-6 membros.	1 sesión de 50 minutos.	Guía de observación.
Gastos e Pasamos a compra.	Tenda.	Equipo de traballo. Estrutura cooperativa.	1 sesión de traballo.	Guía de observación.
Cosificación e compartición.	Cocina.	Equipo de traballo. Equipo de cooperación.	2 sesións de traballo.	Guía de observación.

FUNCIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Dende a Biblioteca Escolar plantexouse o deseño básico do proxecto e coordinouse o seu desenvolvemento.

Na Biblioteca Escolar estaban expostos os libros seleccionados e foi lugar de traballo en momentos de busca de información ou préstamo dos fondos. Tamén foi lugar de encontro nas exposicións orais, xornada escornabótica, lecturas coas familias, encontros con autores, entrevistas, exposicións e nos obradoiros de relacionados co proxecto.

Leirado, 10 de xullo de 2023